

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A FUNDACIÓN EOI PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS FORMATIVAS PARA EMPRESAS GALEGAS (UPSKILLING)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Área de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este ente ten previsto formalizar coa Fundación EOI o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

desenvolver os termos da colaboración entre EOI e IGAPE para levar a cabo actuacións formativas para persoas empregadas en empresas orientadas ao desenvolvemento e plena utilización do seu capital humano, incluída a formación para a adopción dunha nova organización de traballo e prácticas de reconciliación e formación do persoal. En concreto, impulsarase a formación en dixitalización, economía circular, e formación técnica e especializada, incluíndo actuacións de upskilling para adecuación ás tecnoloxías dos diferentes sectores empresariais. O obxecto deste convenio é levar a cabo 25 edicións definidas cada unha como programas independentes do proxecto EPYME UPSKILLING na Comunidade Autónoma de Galicia.

Con elas conséguense:

- Formar aos traballadores para que estean preparados para os cambios.
- Transformar o modelo produtivo cara a actividades que xeren maior valor.
- Apoiar os cambios do modelo organizacional cara a aqueles que faciliten o mantemento das empresas.
- Mellorar a capacitación dos profesionais en activo.
- Mellorar a taxa de supervivencia dos negocios, especialmente naqueles identificados como clave para o crecemento económico.

Preferentemente desenvolveranse actuacións de:

- Innovación Dixital
- Economía circular

- Deseño e industria
- Administración e xestión empresarial.

Os destinatarios das accións formativas serán persoas empregadas por conta propia ou allea en activo en empresas ou entidades privadas de calquera sector de actividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

I. O Igape é a axencia de desenvolvemento rexional de Galicia, con natureza xurídica de ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu, adscrito á Consellería de Economía e Industria. Entre os seus obxectivos fundacionais están os de fomentar a creación de novas empresas e facilitar servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuír á creación e desenvolvemento das empresas e a mellora competitiva e innovación do sistema produtivo galego.

II. EOI é unha fundación do sector público estatal, adscrita ao Ministerio de Industria e Turismo a través da Secretaria de Estado de Industria, dedicada a formar profesionais, producir e difundir coñecemento e ofrecer servizos de valor a empresas, emprendedores e administracións, nos valores dunha economía aberta, social, verde e dixital. Nas súas actuacións de apoio a persoas empregadas destacan os programas de formación upskilling financiados polo FSE+. Estes programas circunscribíense dentro da Memoria de Operacións EPYME, aprobada polo Organismo Intermedio o 25 de outubro de 2023 dentro do Programa FSE+ de Educación e Formación, Emprego e Economía Social (EFESO) CI2021ES05SFPR002, aprobado en Decisión de Execución da Comisión do 19 de decembro de 2022 e regulado no Regulamento de disposicións comúns (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 e polo Regulamento UE 2022/1057 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece o Fondo Social Plus (FSE+) tamén aprobado con data 24 de xuño de 2021.

III. As partes estiman necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio á formación de traballadores conseguindo un impacto significativo que axude a transformar o modelo produtivo cara a actividades que xeren maior valor ao ter traballadores preparados para os cambios e con iso aumentar a taxa de supervivencia dos negocios.

IGAPE cofinanciará o 40 % do custo dos programas por importe de cincocentos corenta mil euros (540.000 €) para todo o período de vixencia do convenio. EOI achegará o resto do custo dos programas, oitocentos dez mil euros (810.000 €), con cargo ao Programa Operativo do Fondo Social Europeo e o Ministerio de Industria e Turismo.

EOI contribuír á execución dos programas mediante o desenvolvemento das seguintes actividades:

- a) Dirección e execución académica dos programas.



- b) Deseño e adaptación dos contidos dos programas.
- c) Administración dos programas.
- d) Relación coa Unidade Administradora do Fondo Social Europeo.
- e) Selección de alumnos e profesores.
- f) Contratación e pago do profesorado.
- g) Achega da documentación docente.
- h) Contratación dun seguro de accidentes para alumnos en programas presenciais e semipresenciais.
- i) Avaliación dos alumnos.
- j) Coordinación central de alumnos e profesores.
- k) Coordinación e realización de accións difusión, comunicación, e publicitarias.

IGAPE contribuirá á execución dos programas mediante o desenvolvemento das seguintes actividades:

- a) Colaboración con EOI na captación de alumnos/beneficiarios.
- b) Colaboración con EOI, en función de dispoñibilidade, na disposición da infraestrutura e o equipamento para o desenvolvemento das actividades de carácter presencial.
- c) Colaboración e coordinación na promoción e difusión dos programas, de acordo cos criterios e directrices de EOI, que en todo caso realizaranse de forma consensuada e co estrito cumprimento da normativa comunitaria e nacional aplicable.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Este convenio tramítase de conformidade co disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11/02/1998 (DOG nº 34 de 19/02/1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. En todo caso a disposición ou o compromiso de gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa firma.

Santiago de Compostela,